

Anxel Fole, Cunqueiro, Dieste e Ben-Cho-Sei serán nomeados membros de honor da Asociación de Escritores

SANTIAGO. — (Da nosa Delegación).

Os escritores Anxel Fole, Rafael Dieste, Alvaro Cunqueiro e Xosé Ramón Fernández Oxea (Ben-Cho-Sei), poderían ser nomeados membros de honor da Asociación de Escritores en Língua Galega, no caso de prosperar a proposta que presentará na assemblea xeral da Asociación a xunta directiva da mesma.

Nesta xuntanza de escritores, que terá lugar o vindeiro día 14, no Museo do Pobo Galego, en Santiago, tamén se procederá a elección do cargo de vicepresidente da directiva, para cubrir o cargo que deixou voluntariamente hai algún tempo o asociado Carlos Casares.

Asimesmo, os escritores que tomen parte nesta assemblea xeral discutirán a concreción do desenvolvemento do I Congreso de Escritores en Língua Galega.